

Resolución do 15 de setembro de 2023 do tribunal designado para cualificar a proba de coñecemento da lingua galega de procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Proba de galego nivel Celga 4.

En sesión que tivo lugar o 15 de setembro de 2023 o tribunal nomeado pola Resolución do 20 de xullo de 2023 para cualificar a proba de coñecemento da lingua galega de todos os procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para a redución da temporalidade no emprego público (DOG núm. 141, do 26.07.2023),

#### ACORDOU

Primeiro.- De conformidade co disposto na Base II das convocatorias publicadas por Resolucións do 22 de decembro de 2022 (DOG núm. 244 do 26.12.2022 e DOG núm. 245 do 27.12.2022), modificadas polas resolucións do 20 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 15, do 23.01.2023) e do 6 de febreiro de 2023 (DOG núm. 26, do 07.02.2023), así como na resolución deste tribunal do 29 de agosto de 2023 pola que se publican os parámetros para a cualificación da proba de coñecemento da lingua galega, o exercicio realizado aos aspirantes que non acreditaron que estaban en posesión do Celga 4 ou equivalente, valorouse como apto ou non apto, sendo preciso acadar un mínimo de trinta (30) respostas correctas para obter a cualificación de apto.

Segundo.- Unha vez efectuada a corrección dos exames en sesión do 15 de setembro de 2023 publícase no portal web corporativo da Xunta de Galicia [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal) a cualificación como apto ou non apto das persoas aspirantes que se presentaron á citada proba de coñecemento da lingua galega.

Terceiro.- De acordo coa base II das convocatorias, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas, no prazo de dez (10) días hábiles que se contarán dende o día seguinte ao da publicación no DOG desta resolución.

Cuarto.- Contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

Adrián Vázquez Espasandín

Presidente do tribunal

